

## Indicadores cuantitativos que non teñen información deseñados para medir o impacto de intervencións públicas

### Políticas municipais

1. Persoas beneficiarias de Bolsas de Comedor segundo sexo
2. Persoas beneficiarias de actividades extraescolares por motivos de conciliación segundo sexo e proporción sobre o total de menores de 11 anos na cidade.
3. Mulleres beneficiarias do servizo domiciliario de atención á infancia
4. Persoas usuarias do Programa de Axuda a Domicilio segundo sexo. % de mulleres usuarias do Programa de Axuda a Domicilio sobre o total de mulleres dependentes

### Fenda de xénero nas pensións e prestacións públicas

5. Importe medio de prestacións non contributivas por sexo

### Futuras liñas de investigación

1. Proponse realizar unha aproximación ás condicións de benestar e á saúde das mulleres compostelás dende un enfoque biopsicosocial. Para isto, resulta imprescindible incorporar unha mirada crítica en relación aos procesos de medicalización e ao impacto que teñen na saúde feminina; aos hábitos de vida saudables relacionados coa alimentación; ao benestar relacionado cos tempos libres e á participación comunitaria, entre outras cuestións.
2. Indícase a pertinencia de analizar a calidade dos servizos e recursos orientados a mulleres na cidade de Santiago de Compostela, establecendo criterios que permitan medir a vulneración de dereitos e/ou os procesos de revitimización. Particularmente, resulta importante valorar a presenza de prexuízos de xénero nas equipas profesionais de servizos sociais, educativos e sanitarios.